




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 P.C.L	Documento 21117I03XJ	
Código de verificación  313L 5B1E 3W4J 7109 0J6D	Expediente 211/2023/1	
	Fecha 31-08-2023	

ASUNTO: Proposta de resolución provisional da convocatoria de bolsas para deportistas individuais do Concello da Coruña. Ano 2023.

PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE EDICTOS

A Concellería de Deportes do Concello da Coruña convocou para o ano 2023, a través do acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xaneiro de 2023, as bolsas para deportistas individuais do concello da Coruña. Ano 2023

O extracto deste acordo da Xunta de Goberno Local foi publicado mediante anuncio no BOP número 16, do 24 de xaneiro de 2023, coa seguinte referencia: Ref. 211/2023/1 Convocatoria Deportes – BDNS (Identif.): 671351

Emitida o día 11 de setembro de 2023 a proposta de resolución provisional da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia da dita proposta para coñecemento xeral.

De acordo co establecido na Base 14 das Bases reguladoras desta convocatoria, e no artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

Infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 5 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña; do 13 ao 17 de setembro de 2023, ambos incluídos.

Neste prazo as persoas interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento

O xefe de sección de Deportes

Pablo Castedo López